

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

739

REAL DECRETO LEI 1/2007, do 12 de xaneiro, polo que se derroga a disposición transitoria quinta da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. («BOE» 12, do 13-1-2007.)

Entre os diversos obxectivos perseguidos pola Lei 28/2005, do 27 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, atópase, como indica a súa exposición de motivos, a transposición da Directiva 2003/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003 (LCEur 2003, 1924 e LCEur 2004, 952), relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de publicidade e de patrocinio dos produtos do tabaco.

Para tal fin o artigo 9 da citada lei prohíbe o patrocinio dos produtos do tabaco, así como toda clase de publicidade e promoción dos citados produtos en todos os medios e soportes, incluídas as máquinas expendedoras e os servizos da sociedade da información con diversas excepcións que o precepto establece nas alíneas a), b) e c) do punto primeiro relativas a publicacións destinadas exclusivamente aos profesionais que interveñen no comercio do tabaco, presentacións de produtos do tabaco a profesionais do sector no marco da Lei 13/1998, do 4 de maio (RCL 1998, 1137), de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, así como a promoción dos devanditos produtos nas expendedorías de tabaco e timbre do Estado, sempre que concorran determinadas circunstancias e as publicacións que conteñan publicidade de produtos do tabaco, editadas ou impresas en países que non forman parte da Unión Europea.

Non obstante, a disposición transitoria quinta da citada lei establece un réxime de excepción temporal de tres anos dende a súa entrada en vigor cando se trate de publicidade e patrocinio que incorporen no seu vestuario, complementos, instrumentos, equipamentos, prototipos e/ou vehículos, os equipos participantes en competicións e eventos deportivos do motor con efectos transfronteirizos.

Esta previsión normativa motivou o inicio dun procedemento de infracción polos servizos da Comisión Europea por incorrecta transposición da Directiva 2003/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros en materia de publicidade e de patrocinio dos produtos do tabaco, cuxo prazo de transposición finalizou o 31 de xullo de 2005, e que no seu artigo 5 establece, sen prazo

transitorio, a prohibición do patrocinio dos eventos deportivos transfronteirizos citados.

O devandito procedemento, iniciado segundo o previsto no artigo 226 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, atópase neste momento en fase de ditame motivado, momento inmediatamente anterior á demanda ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Nese ditame, do 12 de outubro de 2006, solicítaselles ás autoridades españolas a adopción das medidas necesarias para axustarse ao contido da directiva, nun prazo de dous meses, por entender que a excepción introducida mediante a disposición transitoria quinta da Lei 28/2005, do 27 de decembro, constitúe unha infracción da prohibición do patrocinio prevista no artigo 5 da Directiva 2003/33/CE.

Por iso este real decreto lei procede á derogación no seu artigo único da mencionada disposición transitoria, derogación que responde á necesidade de impedir a continuación do procedemento de infracción iniciado, así como do recurso ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea e, se é o caso, da condena e a sanción pecuniaria que puidese derivar dela.

En canto á figura xurídica a través da cal se aproba esta medida, débese destacar que a derogación da disposición transitoria da Lei 28/2005, do 27 de decembro, está suxeita ao principio de reserva de lei. A extraordinaria e urxente necesidade, presuposto da aprobación do real decreto lei, vén motivada, en primeiro termo, pola necesidade de lle dar cumprida resposta no prazo máis breve posible ao requirimento do ditame motivado da comisión, que non pode esperar a tramitación dunha lei polo procedemento ordinario, e, en segundo lugar, pola necesidade de evitar os prexuízos económico-orzamentarios que derivarán dunha eventual sentenza condenatoria a España, resultado do inminente proceso xudicial por incumprimento das obrigas que lle incumben de conformidade co artigo 5.1 da Directiva 2003/33/CE, no caso de non se proceder á derogación obxecto desta norma.

Estas circunstancias xustifican o recurso á figura xurídica do real decreto lei, ao concorrer o suposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade que a nosa Constitución exige para a súa utilización.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 12 de xaneiro de 2007,

DISPÕÑO:

Artigo único. Derogación da disposición transitoria quinta Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Queda derogada a disposición transitoria quinta da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias

fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 12 de xaneiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

742

REAL DECRETO 2/2007, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, polo que se regula a emisión de informes motivados relativos ao cumprimento de requisitos científicos e tecnolóxicos, para os efectos da aplicación e interpretación de deducións fiscais por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica. («BOE» 12, do 13-1-2007.)

A Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa, pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, na súa disposición adicional primeira establece que, con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2003, se modifica o número 4 do artigo 33 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, e introduce a posibilidade para os suxeitos pasivos de achegar á Administración tributaria informes motivados relativos ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos necesarios para poder aplicar a dedución por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Así mesmo, a lei prevé a posibilidade de achegar estes informes para os efectos da presentación de consultas vinculantes para a Administración sobre a interpretación e aplicación da dedución, ou ben cando se lle pretenda solicitar á Administración tributaria a adopción de acordos previos de valoración dos gastos e investimentos correspondentes a proxectos de investigación e desenvolvemento ou de innovación tecnolóxica. Estes informes motivados, que teñen carácter vinculante para a Administración tributaria, deben ser elaborados e emitidos polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ou por un organismo adscrito a este.

Actualmente a regulación destes informes motivados contense no artigo 35.4 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto Lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

A previsión inicial foi desenvolvida polo Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, que regula a emisión polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de informes motivados relativos ao cumprimento de requisitos científicos e tecnolóxicos, para os efectos da aplicación e interpretación de deducións fiscais por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

O citado real decreto establece no seu artigo 4 que a competencia para emitir estes informes lle corresponde, por un lado, á Dirección Xeral de Política Tecnolóxica do extinto Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, cuxas funcións

foron asumidas pola actual Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; e, por outro, ao director xeral do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, naqueles supostos en que o informe se refira a proxectos que previamente fosen avaliados como consecuencia da súa presentación a calquera das liñas de apoio financeiro a proxectos empresariais que xestiona o devandito centro.

Posteriormente, o Real decreto 1554/2004, do 25 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, estableceu no seu artigo 13.1.ñ) que lle corresponde á Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial o exercicio das funcións derivadas do Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, constituíndose no único órgano competente para a emisión dos informes motivados vinculantes para a Administración tributaria.

A aplicación práctica desta previsión puxo de manifesto a necesidade de que, co fin de incrementar a súa calidade, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio non sexa o único órgano que realice estes informes motivados, debendo participar, tamén, os seguintes organismos: o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) cando lle corresponda, de conformidade co artigo 4.2 do Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro; a Oficina Española de Patentes e Marcas, en colaboración coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial e a través das entidades acreditadas respecto daqueles proxectos en que o informe motivado se refira a proxectos de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica que desen lugar a unha patente ou a un modelo de utilidade ou sobre os que obtivese un informe tecnolóxico de patentes da Oficina Española de Patentes e Marcas; e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), respecto daqueles proxectos sobre eficiencia enerxética e o uso racional da enerxía, así como de apoio á diversificación das fontes de abastecemento e o impulso da utilización das enerxías renovables; dado que estes organismos tamén contan con persoal cualificado axeitadamente para colaborar na realización dos informes motivados relativos ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos necesarios para poder aplicar a dedución por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Por iso, mediante este real decreto procédese a modificar os artigos 4 e 5 do Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, para incluír a Oficina Española de Patentes e Marcas e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), entre os órganos que colaboran co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para realizar ou colaborar na realización dos informes motivados.

Pódense destacar as seguintes modificacións: cando os informes motivados corresponda realízalos ao CDTI, exímese o solicitante do requisito de presentar un informe técnico de cualificación das actividades e identificación dos gastos e investimentos asociados a I+D+i, realizado por unha entidade acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), posto que o devandito organismo conta con persoal cualificado para realizar o devandito informe técnico. Nos demais casos, o organismo competente para a emisión de informes motivados vinculantes poderá dispensar da existencia de informes técnicos previos nos supostos que determine. E, igualmente, o dito informe técnico poderá ser realizado en parte pola Oficina Española de Patentes e Marcas en colaboración coa entidade acreditada.

Por outra banda, inclúese tamén unha disposición adicional para adaptar a denominación dos ministerios e órganos directivos que se citan no devandito real decreto á súa denominación actual.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda, de